

Facedores de corazóns

LIX Mestría no relato e no debuxo entretecen unha fermosa historia sobre o amor como desapego

Un álbum de sorprendente beleza este que nos ofrece OQO. Da autoría compartida entre o narrador oral canario Arturo Abad (www.arturoabad.com/) que se estrea na escrita editada con este traballo e do, xa recoñecido, ilustrador mexicano Gabriel Pacheco (filustra.com/gabriel-pacheco/), que coa obra creada sobre do texto da francesa Anna Castagnoli, *A grande viaxe*, obtivera en 2009 o premio Isaac Díaz Pardo outorgado pola AGE ao mellor libro ilustrado.


A historia, nada orixinal (pero iso nunca é un demérito porque poucas cousas hai máis repetidas ca a orixinalidade, e o importante en literatura é a linguaxe e non os argumentos) cóntanos o labor dun mozo que dedica o seu tempo e oficio á reparación e, mesmo, fabricación, de corazóns para o que usa, como corresponde, por materia prima anacos do seu propio corazón. É esperado que esa entrega e desvelo haberán de dar nunha fermosa historia de amor, do amor como entrega e desapego dun mesmo, como lle ocorre a Matías que acabará por perder o seu propio corazón de tantos anacos como entrega á amada e dantesca

(no mellor e máis nobre sentido da palabra) Beatriz.

Pacheco ofrécenos un tratamento gráfico de dobres páxinas cheo de detalles que complementan a lectura: botes que nos falan dos mellores e máis prezados ingredientes metafóricos que haberá posuír un corazón nobre (mar, sonhos, nubes, esquecemento, silencios...), xunto con ferramentas e aparellos curiosos e un enleado de fío que cose os corazóns e úneos entre si cando entre eles nace unha harmonía que principia un encontro dos seus dous extremos, como sucede nas páxinas contiguas cos retratos de Matías e Beatriz, que preceden á dobre páxina final. Fío que tamén abre e pecha as gardas do álbum, no final coa presenza do gato xogando co nobelo. Minucioso e cun debuxo tecnicamente notábel, Pacheco vai construíndo paralelamente a historia gráfica en secuencias narrativas administradas con eficacia e unidas por unha alternancia de interiores e exteriores, estes creados a base de paisaxes arbóreas que tanto nos fan lembrar a Briggs, do mesmo xeito que as figuras humanas nos traen unha certa lembranza das de Rébecca Dautremer.

Taller de corazóns ·

Arturo Abad,
Gabriel Pacheco (il.) ·
OQO, 2010 ·
32 páx · 14 euros



Obra de mestría e eficacia narrativa cando texto e imaxe se ensamblan no acto lector e o texto pon a continuidade da historia e a imaxe achega os detalles silenciados por aquel. Entón temos un home namorado e disposto a crear un corazón para levarlle á amada por camiños nos que tamén van os caracois, das caixas saen flores, as árbores adórnase con atraentes colaxes, e chegamos á casa de Beatriz e ao seu rostro adivinado a través da fiestra... Até o suceso final, onde o corazón perdido revivirá no corazón nacido no peito de Beatriz mercé ao amor de Matías. Fermosísima a dobre páxina na que vemos o facedor de corazóns esvaecido, a súa silueta branca peta no corazón do lector até velo renacer, un pouco máis adiante, enriba do enleado de fío.

// **Xabier P. DoCampo**



Matías // Gabriel Pacheco